

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

No undécimo curso de funcionamento do IES do Milladoiro mantemos a tendencia de crecente aumento de alumnado, cos seguintes problemas de espazos e recursos materiais e humanos. Este departamento está integrado por seis profesores e profesoras, que imparten Lingua galega e literatura, Portugués -materia consolidada como opción entre o alumnado- e Ámbito lingüístico e social. Nun grupo de 1º ESO, Lingua galega quedou asignada como afín a un profesor do departamento de Lingua castelá.

A presente programación didáctica ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 [157/2022 para BAC], do 15 de setembro do 22. Consecuentemente, as unidades didácticas que a desenvolven procuran deseñar situacións de aprendizaxe con valor competencial.

Cómpre destacar de inicio que esta programación, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, a temporalizacións e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións, pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.

Como características e recursos relevantes para a nosa programación destacamos:

- Importante diversidade social, cultural e lingüística do alumnado. Unha porcentaxe relevante do alumnado procede do estranxeiro. Un 11% naceu no estranxeiro, a ampla maioría nun país hispanofalante. Dentro deste alumnado, un 5% procede dun país lusófono.

- Descenso moi pronunciado no uso do galego na xeración do noso alumnado (datos do PLC). O galego só é a lingua inicial do 19,3% das mozas e mozos e a empregada polo 3,2% destes nas relacións inter pares. No instituto decláranse empregar de xeito normal o galego unicamente un 3% do alumnado e un 54% das persoas enquisadas percibe a presenza da lingua galega no centro (aulas, actividades, interaccións, recursos...) como escasa (22%) ou moderada (32%). Os datos son de hai catro cursos.

- Ampla porcentaxe, nalgún caso mesmo maioritaria, de alumnado que recoñece asumir prexuízos que limitan o valor social do galego e constitúen barreiras para o desenvolvemento das competencias nesta lingua (datos do PLC).

- Profesorado dinámico que participa en diversos proxectos e grupos de traballo.

- Equipo directivo colaborador e facilitador do desenvolvemento de proxectos e actividades.

- Plan Xeral de Atención á Diversidade realizado e aprobado.

- Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega moi activos.

- ANPA activa e participativa.

Neste contexto, as nosas decisións programáticas obedecen ao obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Preténdese, por unha parte, mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Por outro lado, tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos de cada nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques, que se integran nas situacións de aprendizaxe propostas.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura «Entre dous séculos».

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

A escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican ás obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.

- A inclusión de autoras e autores con obra salientable.

- A oferta de obras que recreen a sociedade das etapas históricas abordadas durante o curso e que lle permitan ao alumnado situarse nos marcos circunstanciais e estéticos clave.

- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).

- A non repetición de temas.
- A presenza de diferentes xéneros ao longo da etapa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Poñemos "de moda" as nosas expresións	<p>Presentación do curso. Proba de avaliación inicial.</p> <p>Traballo en grupos na realización dunha campaña publicitaria que ten como obxectivo estender o uso dunha expresión lingüística que o alumnado escolla, ou mesmo invente, que inclúe dous produtos finais: un cartel e un breve anuncio en formato audiovisual.</p> <p>Como coñecementos previos a esta situación de aprendizaxe, o alumnado familiarizarase co uso de diferentes ferramentas dixitais (dicionario e corrector en liña, procesador de textos, aplicacións para deseño de imaxe...). Tamén se revisarán as principais características dos textos argumentativos e persuasivos (facendo fincapé no anuncio publicitario), introdución ás propiedades textuais e criterios de presentación de traballos. Puntuación, ampliación do léxico (derivación e préstamos) e prexuízos lingüísticos.</p> <p>Repaso das categorías gramaticais.</p>	20	28	X		
2	Os espectáculos literarios medievais	<p>Achegamento á literatura medieval: autores e intérpretes, códices, cantigas de amigo, amor e escarnio.</p> <p>En relación con esta etapa, trataremos a orixe da lingua galega e palabras patrimoniais e cultas.</p> <p>Traballarase a lectura en voz alta de textos líricos.</p> <p>O portugués.</p>	10	12	X		
3	Decidimos o próximo xiro de guión	<p>Elaboración dun guión cinematográfico a partir dun capítulo dunha serie galega.</p> <p>Previamente traballarase a cohesión, os conectores e os niveis e rexistros.</p> <p>Texto expositivo. Lingua e medios de comunicación: a noticia. Fontes de información fiables.</p> <p>A acentuación. A frase.</p>	20	20		X	
4	Os éxitos literarios medievais	<p>Achega aos textos narrativos medievais en relación cos actuais, as súas características comúns.</p> <p>O galego medio.</p> <p>Lírica relixiosa medieval. Séculos Escuros.</p> <p>Galego medio.</p>	10	11		X	
5	A música que me "move"	<p>Achega á música galega actual e relación, por unha banda, coa lírica medieval; por outra, coa linguaxe non sexista e co</p>	25	19			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A música que me "move"	carácter universalista da linguaxe musical. Traballo de investigación sobre un grupo musical galego sobre o que terán que elaborar un breve ensaio. A coherencia O galego moderno O catalá. As interferencias lingüísticas. Bilingüismo e diglosia. Complementos oracionais.	25	19			X
6	E chegou ela, a Rosalía	Rexurdimento literario galego, poñendo o centro de atención en Rosalía de Castro. O texto poético.	15	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Poñemos "de moda" as nosas expresións	28

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Recoñece as principais características do galego medieval e as semellanzas entre galego e portugués actual	PE	80
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos expresados no contexto da clase, do centro ou no familiar		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción dos seus textos e presenta un texto final coherente		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Usa diferentes fontes de información e selecciona con criterio de fiabilidade		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Mostra actitude crítica ante as novas tecnoloxías		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Evita elementos lingüísticos discriminatorios		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global dos textos		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios e detecta e corrixe neles incorreccións		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación sinxelo sobre publicidade utilizando diferentes fontes de información		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral sobre o traballo de publicidade realizado previamente.	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa oralmente nas clases, escoita e utiliza fórmulas de cortesía lingüística		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Usa o diálogo para resolver conflitos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.
- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Os espectáculos literarios medievais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Recoñecer as principais características do galego medieval e localiza semellanzas entre o galego e o portugués actual.	PE	80
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global dos textos		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os principais temas e subtemas do libro de lectura obrigatoria do trimestre.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica cantigas e amigo, amor e escarnio e coñece o contexto no que se xeran		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona os diferentes xéneros da lírica medieval e é capaz de explicar as súas características principais.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de xeito autónomo textos que selecciona en función dos seus gustos	TI	20
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	É capaz de intervir nunha tertulia literaria e achegar unha opinión sobre o libro lido		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	É quen de crear un texto literario sinxelo seguindo un modelo ou unhas instrucións doadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.

## Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
3	Decidimos o próximo xiro de guión	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende o sentido global dos textos e a relación entre o que se quere comunicar e a canle utilizada	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende o sentido global de textos escritos		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción dos seus textos e crea un texto final coherente		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usa as tecnoloxías dixitais con responsabilidade e é consciente da posible manipulación das canles de información		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe os seus textos		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Detecta e rexeita usos discriminatorios da lingua		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global dos textos		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe os seus textos		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Entende a relación entre o tipo de texto e a intención comunicativa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Identifica diferentes tipos de frases		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral, con apoio gráfico, sobre o proceso de elaboración dun guión cinematográfico		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa oralmente nas clases, escoita e usa recursos de cortesía lingüística	TI	20
CA2.6 - localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Selecciona as fontes de información con criterios de fiabilidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión)</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Os éxitos literarios medievais	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global de textos	PE	80
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os principais temas e subtemas do libro de lectura obrigatoria do trimestre		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica diferentes obras narrativas medievais en función do tema do que tratan		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Sabe comentar características principais da lírica relixiosa medieval		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de xeito autónomo textos que selecciona en función dos seus gustos		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	É capaz de intervir nunha tertulia literaria e achegar unha opinión persoal sobre o libro	TI	20
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos seguindo instrucións doadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- que promovan a defensa do</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A música que me "move"	19

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñece as principais características do catalá	PE	80
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción dos seus textos		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Utiliza varias fontes e descarta algunhas non fiables		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos e introduce modificacións para mellorar a súa coherencia		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Selecciona opcións lingüísticas non discriminatorias na redacción dos seus textos		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global dos textos		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Recoñece, valora e usa recursos de linguaxe inclusiva. Mantén a coherencia nos seus textos		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos, identificando algún erro que autocorrixo		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación sobre música galega, centrándose nun grupo. Estrutura o traballo segundo as instrucións dadas.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral sobre un grupo musical	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa oralmente de xeito correcto		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Selecciona información adecuada para a elaboración do traballo do trimestre		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos</li> </ul>

## Contidos

- elementos paratextuais dos texto
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conexió
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
6	E chegou ela, a Rosalía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global de textos de diferentes tipos	PE	80
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os principais temas e subtemas do libro de lectura obrigatoria do trimestre		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica as principais de obras dos autores do Rexurdimento literario.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Sabe explicar, a partir dos textos, as principais características das obras dos autores do Rexurdimento.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de xeito autónomo textos que selecciona en función dos seus gustos	TI	20
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	É capaz de intervir nunha tertulia literaria e achegar unha opinión sobre o libro lido		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a</li> </ul>

## Contidos

- obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao inicio de cada unidade detectaremos os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, co fin de acadar unha aprendizaxe significativa e construtiva. A partir de aí, atenderanse os conceptos clave de xeito rigoroso e con incorporación da pescuda reflexiva e produtiva, á marxe da aprendizaxe memorística, que se evitará na medida do posible ao non ser significativa.

Tamén se proporán preguntas de conexión e pequenos retos de produción textual que capten a atención do alumnado e encarreiren a interacción en grupo e coa persoa docente. Trátase de profundar nos enfoques máis axeitados para ampliar as distintas competencias, para ensinar a aprender e dotar o alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita aprender a aprender. Conviría, neste sentido, crear unha liña metodolóxica común entre todos os membros do Departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos no alumnado ao mudar de curso.

#### LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Por iso, a metodoloxía tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais. Así mesmo, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Cumprirá atender especialmente o traballo da oralidade e ir máis alá dunha práctica ritual, e máis cando a maioría do alumnado carece de espazos de sociabilización en galego a maiores das aulas de Lingua Galega e das outras materias que se impartan en galego. Por outra parte, será preciso ser conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- Uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.
- Realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e

saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos desafíos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-Deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-Atención á diversidade, con atención individualizada dentro das posibilidades do grupo, prevención das dificultades de aprendizaxe e posta en práctica de mecanismos de reforzo unha vez detectadas as necesidades, así como tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise aprofundar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-Potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, o centro educativo, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, así como a través de programas internacionais, poderá promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-Proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-Recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-Énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-Cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos, etc.

-Desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## Espazos e tempos

O espazo fundamental é a sala de aula, mais tamén se prevé usar, de acordo coas posibilidades do centro, a sala de informática a biblioteca, especialmente para traballos específicos dentro das tarefas e proxectos abertos.

A xestión da sala de aula permite organizar as fases expositivas da clase, tamén con proxeccións audiovisuais e protagonismo do alumnado nese papel comunicativo, as diversas interaccións orais, o labor con diferentes agrupamentos e mais o traballo en grupos cooperativos.

En xeral, a distribución dos espazos deberá ser flexible, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo servirános para a reflexión, a posta en común, a

identificación dos coñecementos previos do alumnado, a revisión e síntese, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as análises, a achega de porpostas ou as actividades de recreación. Os pequenos grupos serán máis axeitados para o enfrontamento de retos ou o desenvolvemento de tarefas de investigación.

No deseño de proxectos e tarefas cooperativas potenciarase que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para a abordaxe precisa e o recoñecemento da súa achega e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, co reforzo conseguinte da autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. De por parte, o propio enfoque comunicativo por tarefas posibilitará adecuar os tempos ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Lingua e literatura 3º ESO, Ed. Edebé-Rodeira, 2022. [Libro de texto de uso diario]
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Diccionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Galaxia.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013) Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014) Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Diccionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.

A aula, a biblioteca ou as salas de informática son os espazos nos que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais dixitais. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e outros recursos para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

Así, usaranse, ademais dos citados arriba, algúns dos seguintes recursos:

- Medios audiovisuais: ordenador e pantalla dixital das aulas, computadores das salas de informática, tabletas da biblioteca.
- Recursos dixitais: prensa en liña, canles de vídeo, dicionarios online ou acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións informáticas etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas ou mapas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, co fin de diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Constitúe, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias. Deste xeito, poderemos adaptar o proceso de ensinanza e a proposta didáctica e facilitar a progresión satisfactoria das aprendizaxes para o conxunto do alumnado.

Así pois, nos inicios do curso realizaremos unha avaliación que permita ser o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en particular.

Evidentemente, será de vital importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para a realización da avaliación inicial poderanse empregar algúns dos seguintes procedementos e instrumentos:

a) Realización de probas, tanto orais como escritas, nas que se obteña información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Estas probas poderán incluír os seguintes criterios de avaliación:

- + Apreciación da capacidade de comprensión (destacar as ideas fundamentais dun texto ou resumilo).
- + Valoración da capacidade de expresión (elaborar un texto seguindo determinadas pautas).
- + Valoración do nivel de reflexión sobre a lingua (localizar nun texto distintas clases de palabras, indicar procedementos de cohesión, xustificar a acentuación de determinadas palabras do texto, explicar o significado dalgunhas palabras...).
- + Valoración da capacidade para relacionar os coñecementos de lingua e sociedade con situacións da vida real (por exemplo, explicar se as linguas que se falan en Galicia se atopan en situación de igualdade).
- + Valoración da comprensión e o interese polas expresións culturais (por exemplo, expoñer os sentimentos e emocións que transmite un poema, recoñecer recursos literarios, etc.).

b) Realización de tarefas e actividades específicas de comprensión e expresión a partir dos xéneros textuais propios do nivel. Atenderase especialmente a comprensión oral a partir dun audio ou vídeo, con cuestións sobre o seu contido, e mais a produción oral mediante intervencións relacionadas coa temática e cos trazos do xénero do documento proposto.

c) Resposta a cuestionarios de actitudes e intereses.

d) Análise dos informes finais individualizados do alumnado na etapa ou curso anterior.

e) Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu a materia no curso anterior, e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>25</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>



## **Criterios de cualificación:**

Posto que nesta programación se aposta por unha didáctica que lle outorgue a relevancia necesaria ao desenvolvemento da lingua oral, determinamos unha porcentaxe non menor para o valor das táboas de indicadores, tal como se observa no peso dos instrumentos de avaliación.

Alén diso, por incompatibilidade cos procesos de avaliación, non existe ningún criterio nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

### **Sistema de cualificación das avaliacións parciais**

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das tarefas e probas de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel, aplicando a ponderación de nota correspondente. En todo caso, realizaranse por trimestre dúas ou máis probas (escritas e/ou orais, a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) da materia obxecto de estudo. Estas probas, xunto coas producións do alumnado, suporán o 65% da nota global de cada avaliación.

Tamén se realizará por avaliación un ou máis controis (orais ou escritos) sobre os diferentes libros de lectura (un como mínimo por avaliación, que serán fixados ao inicio de cada curso). Estas probas ou tarefas deberán avaliar a comprensión lectora, a capacidade de análise e reflexión sobre as lecturas e a corrección e adecuación da lingua empregada (ler, comprender e saber explicar). As probas ou actividades sobre os libros de lectura constituirán o 15% da nota global de cada avaliación.

Así mesmo, establecerase para a ESO, no inicio de cada curso, unha listaxe de lecturas voluntarias por curso, que poderán incrementar a nota final de cada avaliación ata 1 punto, a razón de 0,5 puntos como máximo por libro voluntariamente lido e positivamente avaliado. O control de avaliación das lecturas voluntarias deberá realizarse dentro dos prazos previamente establecidos polo profesorado; de non ser así o alumnado perderá o dereito a ser avaliado desas lecturas.

A participación activa na aula, o traballo diario e a puntual realización dos exercicios encomendados, avaliábelos pola observación directa e diaria do profesor/a ou por rexistros de observación, suporán o 10% da nota global de cada avaliación.

O 10% restante na ESO corresponderá ao uso da lingua oral nas interaccións na aula e na realización de tarefas, á súa progresiva corrección e á valoración da lingua como manifestación da riqueza cultural e como sinal de identidade dun pobo. A avaliación deste 10% realizarase por observación directa na aula, desempeño en actividades orais e intervención en xéneros orais informais e formais, como o debate.

O redondeo realizarase, se fose necesario, de forma matemática, de tal xeito que cuns decimais de 0,4 ou inferior o redondeo realizarase á baixa, ao punto inmediatamente inferior, mentres que cuns decimais de 0,5 ou superior o redondeo realizarase á alza, ao punto inmediatamente superior.

A non asistencia a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou tutores; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

No caso de sorprenden un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie na realización de calquera proba, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

En toda produción escrita (traballos, exames...) aplicaremos sempre uns criterios que contemplan o dominio do código e a calidade lingüística: corrección ortográfica, ausencia de interferencias, presentación axitada, nivel mínimo de adecuación, coherencia e cohesión, etc.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento reiterado deste artigo por parte do/a alumno/a no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua, que é o núcleo da propia materia.

### **Recuperacións**

Non se realizarán probas de recuperación, xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras.

### **Sistema de cualificación final**

A nota final será a media ponderada da das tres avaliacións (30% a primeira, 30% a segunda e 40% a terceira) e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos. Unha vez realizadas as probas avaliadoras da terceira avaliación, se a media establecida segundo este criterio indicado alcanza a cualificación de 5 puntos ou superior, esa cualificación será definitiva.

A cualificación final poderase ver incrementada en ata 1 punto polo traballo realizado na participación titorizada por algún profesor en traballos voluntarios, como a intervención en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, debates orais etc.) relacionados cos elementos transversais e nos que



se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais e que impliquen a mellora da competencia lingüística ou o coñecemento activo do idioma galego. O citado incremento será de ata 0,25 puntos por actividade, ou de ata 0,5 puntos por actividade se esa actividade se desenvolve durante un trimestre ou durante todo o curso. Esa participación será avaliada polo profesorado que titorice o proxecto, que llo comunicará ao profesor/a da materia.

#### Probas finais extraordinarias

Na convocatoria extraordinaria realizarase unicamente unha proba, que puntuará de 0 a 10, relativa aos mínimos esixibles e aos estándares de aprendizaxe traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

#### Información ao alumnado e difusión do procedemento e criterios de cualificación

Nas dúas primeiras semanas do curso, cada profesor e profesora do Departamento, en cada grupo e curso dos que imparte docencia, dedicará unha sesión ou parte dela a explicar detalladamente o procedemento e os criterios de cualificación da materia ata asegurar que foron debidamente comprendidos. Tamén comentará co alumnado o sistema de lecturas e exporá as listaxes de lecturas obrigatorias e, de ser o caso, opcionais. Poderá así mesmo deixar un resumo do procedemento e dos criterios, así como as listaxes de lecturas, no taboleiro da aula ou na Aula Virtual de cada curso. De igual xeito, poderaselle presentar ao alumnado, de forma breve, os obxectivos e contidos xerais da materia (temario ou breve descrición das unidades didácticas).

En canto á comunicación á comunidade educativa da información básica relativa á programación didáctica:

- Informarase o alumnado de que na páxina web do IES se publican cada curso os documentos que recollen a Programación completa do Departamento e mais as separatas cos procedementos e criterios de cualificación.
- Unha vez rematado o proceso de información e difusión, cada docente comunicarllo á xefatura do Departamento (que poderá facelo constar nunha acta de reunión).

#### **Criterios de recuperación:**

Non se realizarán probas específicas de recuperación (exceptuando para o alumnado que non puido acadar resultados por non seguir o normal funcionamento das aulas debido a enfermidade ou outra causa de forza maior). Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O alumnado que non fose quen de aprobar a materia por avaliacións poderá realizar antes da avaliación final ordinaria unha proba relativa aos mínimos esixibles traballados durante o curso (incluídos libros de lectura). A nota mínima para o aprobado establécese en 5 puntos. Se a cualificación desta proba final fose inferior á obtida por avaliacións, manteráselle a máis alta.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, que dita a necesidade de elaborar un Plan de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar. Ese plan facilitará a recuperación e superación da pendente e será elaborado polo profesor/a que imparte a materia no curso da alumna ou alumno, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor. Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias e, asemade, adaptarase ás particularidades de cada destinatario. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Nese plan de reforzo incluírase a información relevante sobre a materia sen superar e especificaranse os criterios de avaliación, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento -incluídos os mecanismos de seguimento do labor do alumno/a-, os recursos necesarios, as tarefas para realizar (coa debida temporalización) e mais a avaliación.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a pendente. Desta información quedará constancia no departamento, ben sexa mediante documento escrito, ben a través de copia de envío telemático.

Como é evidente, para a avaliación deste alumnado coa materia pendente débense ter en conta os contidos impartidos no curso anterior, de xeito que o plan de reforzo considerará as aprendizaxes e competencias non adquiridas. A atención e o seguimento deste alumnado esixe cando menos algunha reunión presencial de periodicidade mensual e/ou o uso da Aula Virtual e ABALAR.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizados o alumno ou a alumna, o profesor/a da materia pendente decidirá sobre a superación da materia pendente de acordo coa avaliación positiva ou negativa

do seguimento do plan.

En concreto, o alumnado da ESO que teña a materia pendente dun curso anterior poderá superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes. Estes procedementos formarán parte do devandito plan individualizado de recuperación que cada profesor/a con alumnado nesta situación debe deseñar e aplicar.

1º) Mediante unha avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso e grupo ao que estea asignado o alumno/a. Cada profesor ou profesora entregalle ao alumnado coa materia pendente, nos grupos en que imparte docencia, material de traballo, tomando como base os referentes curriculares indicados na correspondente programación. O alumnado realizará este traballo, que será supervisado periodicamente polo profesor/a do seu grupo e entregado a este/a, para a súa revisión e corrección, nas datas límite que se establezan para cada unha das partes de que conste, cando menos unha no primeiro trimestre e outra no segundo. A maiores, a inicios do segundo e do terceiro trimestres, o profesor/a faralle ao alumno/a unha proba de control.

No que atinxe ás porcentaxes, as táboas de indicadores (dos traballos) suporán o 40% e a proba escrita o 60% da nota. A media de todas as tarefas e probas necesaria para considerar a materia superada será de 5 puntos. A cualificación comunicáraselle á xefatura de departamento para que conste na acta de avaliación correspondente. Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que se presenta no punto seguinte.

2º) En caso de non aprobar a materia pola anterior vía, ou de renunciar a facer uso dela, o alumnado poderá realizar as correspondentes probas finais ordinarias únicas establecidas legalmente. A eses efectos, antes do 31 de maio, o profesorado con alumnado pendente ao seu cargo comunicalle á xefatura de departamento as cualificacións correspondentes, coa finalidade de comprobar qué alumnado deberá realizar a proba final e cal non por ter a materia aprobada.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De acordo co artigo 3 do Decreto 229/2011, as medidas de atención á diversidade enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado». Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Nesta liña, segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Contamos con alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, con dificultades para lograr os obxectivos e as competencias propios da idade debido ao descoñecemento da lingua galega. Nese caso, tense en conta o artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que inclúe os seguintes puntos:

1. Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.
2. Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.
3. Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego.

Á parte disto, tamén poderá optar a unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

En canto a cuestións metodolóxicas nas clases de Lingua Galega farase un reforzo na aula con exercicios adaptados, reforzaranse as explicacións orais con apoios visuais, combinaranse diferentes tipos de actividades ou adaptaranse os tempos, entre outras medidas de uso habitual. Amais disto, ao longo de cada unidade, propóráselle actividades de reforzo e consolidación en Lingua Galega dos contidos impartidos na aula.

Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, favorecerase a titoría entre iguais e a aprendizaxe por proxectos (nesta programación didáctica figuran tres proxectos ao longo do curso).

Á parte disto, terán prioridade os métodos que favorezan a expresión directa e a comunicación, como as deliberacións orais argumentadas ou o intercambio de gustos lectores a través de conversas literarias. Potenciaranse, así mesmo, contidos relacionados coa diversidade sociocultural e persoal.

En canto ao alumnado que repite 3º da ESO, aplicaráselle o plan específico personalizado para quen permanece un ano máis no mesmo curso, segundo o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares a estes casos, para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír as seguintes partes:

- Identificación da alumna.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

Posteriormente, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaráselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Segundo o disposto no artigo 13.4. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en caso de non superar algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.

Por outra parte, as actuacións metodolóxicas que se leven a cabo neste caso teñen que ir orientadas a elaborar actividades que teñan diferentes graos de realización, introducíranse unha ampla variedade de actividades individuais, que se adecúen ao ritmo de traballo de todo o alumnado, con especial atención a estes casos. Tamén se proporán actividades de reforzo e consolidación en cada unidade didáctica.

No caso de que ao longo do curso se detecte ou incorpore alumnado con dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, discapacidade intelectual, TDAH etc., seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X		X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X			
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		X		X	X
ET.8 - Igualdade de xénero					X	X
ET.9 - Creatividade	X		X		X	

#### Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

Boa parte destes elementos transversais están presentes na nosa materia de xeito constante nas lecturas realizadas, no manexo de múltiples exemplos dos xéneros textuais abordados ou nas propias actividades e tarefas que se desenvolven, incluíndo as de investigación e produción con manexo das tecnoloxías, así como coa organización en grupos cooperativos. Alén diso, realízanse propostas de traballo e proxectos contextualizados que integran tales elementos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontros con autores	Conversas con diferentes autores da literatura galega		X	
Asistencia a charlas, obras teatrais, recitais, obradoiros, actuación musicais	Asistencia a diferentes actividades desenvolvidas en lingua galega	X		
Colaboración en actividades	Colaboración en actividades realizadas polo EDLG ou outros departamentos do centro	X	X	X

#### Observacións:

Os obxectivos das actividades complementarias son:

- Reforzar os contidos traballados na aula.
- Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
- Favorecer o uso oral da lingua galega.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura galegas.
- Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura galegas.
- Achegarse de forma activa á vida e obras dos nosos escritores e escritoras.
- Poñer en contacto o alumnado con todo tipo de manifestacións culturais en galego (teatro, música, cine etc.) e con persoas que constitúan referentes de fidelidade lingüística e compromiso co idioma nos máis diversos ámbitos sociais: música actual, deporte, cinema, tecnoloxías etc.
- Familiarizar o alumnado con ámbitos culturais prestixiosos e modernos que se expresen en galego.
- Fomentar a lectura en galego a través da empatía proporcionada polo contacto directo e o intercambio de vivencias con escritores e escritoras.
- Facilitar a integración lingüística do alumnado non galegofalante.
- Afondar na visión da lingua galega como vehículo de comunicación dentro da lusofonía, mostrando que a lingua galega ten utilidade e que pode abrir portas profesionais, laborais, amizades etc.
- Romper o prexuízo do galego como lingua sen utilidade, achegando unha visión máis ampla a través do contacto con outras experiencias que se estean facendo actualmente en Galicia, Portugal e Brasil, principalmente.

Colaborarase, así mesmo, en actividades realizadas polo EDLG ou outros departamentos e órganos do centro. As actividades están contempladas maioritariamente dentro do horario escolar, e a súa realización dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento e das posibilidades organizativas

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo coa súa temporalización.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
Metodoloxía empregada
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tantoculturais, como de procedencia.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, e entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
Posibilitouse o contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
<b>Outros</b>
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.

### **Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro: "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 10.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento da actual lexislación e das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens en cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022, que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia...

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5.

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

## **9. Outros apartados**